

PERMACULTURA

UNHA CAIXA DE
FERRAMENTAS PARA DESENHAR
UN MUNDO MELLOR

Alexandre Grande Babarro

Título: *Permacultura. Unha caixa de ferramentas para deseñar un mundo mellor*

© 2019, Alexandre Grande Babarro

© da edición galega: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Revisión de estilo: Patricia Buxán Outeiro

Corrección lingüística: Miguel Braña Montaña, Xosé Luis Grande Grande e María Mediero Mayán

Deseño e maquetación: Isidro D. Valladares e Alicia R. Malga

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)

www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-949154-3-7

Depósito legal: VG 239-2019

Impreso en Jadfel artes gráficas



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa do autor e da editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza ca a orixinal.

11	Nota da edición
13	Prólogo
15	Introdución
20	Para quen é este libro e que atoparemos nel
23	Primeira parte. Do esquecemento ao reencontro
25	O Gran Esquecemento
28	A realidade actual
29	Crise climática
29	Aumento da temperatura
29	Desertización
30	Incendios
30	Desxeo
30	Suba do nivel do mar
31	Fenómenos meteorolóxicos extremos
31	Biodiversidade
31	Agricultura, ganadería e pesca
32	Alimentación
32	Saúde
32	Crise enerxética
34	Crise sistémica
34	Globalización
34	Consumismo
35	Patricios (padróns opresivos internalizados)
36	Conflitos armados e guerras
36	Educación
37	E agora que?
38	A ecoloxía profunda: un importante paso para a transición ecosocial
41	Un reencontro chamado permacultura
43	Segunda parte. Unha proposta activa: historia, evolución e flor da permacultura
45	Historia da permacultura
45	Antecedentes, fundadores e outras figuras importantes
54	Evolución da permacultura
55	A permacultura nos seus inicios
56	Desde finais da década de 1980
57	A permacultura no século XXI

59	A permacultura hoxe: as catro esferas da sustentabilidade
63	A flor da permacultura
63	Principios éticos da permacultura
67	Pétalos da permacultura
68	Manexo das terras e da natureza
77	Ambientes construídos. Hábitat
81	Ferramentas e tecnoloxía
87	Educación e cultura
92	Saúde física e espiritual
98	Economía e finanzas. Economía social e solidaria
103	Tenza da terra e organización comunitaria

111 Terceira parte. Unha ciencia para o deseño ecolóxico

114 Ecoloxía e deseño ecolóxico

114 Ecoalfabetización

116 Padróns naturais

119 Pensamento sistémico

123 Principios de permacultura

124 Principios de actitude

124 Traballar coa natureza e non na súa contra

125 No problema está a solución

125 Todo afecta a todo

125 Mínimo cambio para máximo efecto

126 O rendemento dun sistema é teoricamente ilimitado

126 Enfoque holístico

127 Deixar todo en mellores condicións tras o noso paso

127 Outros principios de actitude

128 Principios clásicos de deseño

129 Situación relativa

130 Cada elemento cumpre múltiples funcións

132 Cada función importante está soportada por múltiples elementos

133 Planificación enerxeticamente eficiente

139 Utilización dos recursos biolóxicos

141 Facer ciclar a enerxía

142 Crear sistemas intensivos a pequena escala

144 Acelerar a sucesión natural e a evolución

145 Diversidade

146 Potenciar o efecto beira

148 Principios de permacultura de David Holmgren

148 Observa e interactúa

149 Captura e almacena enerxía

151 Obtén un rendemento

152	Aplica a autorregulación e acepta a retroalimentación
153	Utiliza e valora os servizos e recursos renovables
154	Non produzas lixo
155	Deseña desde os padróns aos detalles
156	Integra máis que segrega
157	Usa solucións lentas e pequenas
158	Usa e valora a diversidade
159	Usa as beiras e valora o marxinal
160	Usa e responde creativamente ao cambio
162	Deseño e procesos de deseño en permacultura
163	Procesos de deseño
164	OBRADIMET
170	<i>Dragon dreaming</i>
173	Da teoría á práctica
175	Cuarta parte. Experiencias inspiradoras para un mundo mellor
179	Tronceda. Historias de repoboación
183	A Illa de Lagos. Bosques que sandan
187	A Casa Colorida. Laboratorio do común
192	Permacultura nas Pontes. Custodia e rexeneración do territorio
197	Ecolectivo. Un gran corazón colectivo
205	Quinta parte. Claves e apoios
207	Claves
207	Sobre os fundamentos da permacultura
208	Permacultura en acción
208	Comunidade permacultural global
209	Permacultura e emprendementos
211	Permacultura e activismo
212	Permacultura e infancia
212	Paciencia
213	Apoios
214	Proxectos en Galiza que te han apoiar no teu camiño permacultural
214	A Flor da Vida
215	Ecofinca Tanquián
215	Ecolectivo
216	Escola de bioconstrución A Casiña
216	Kibutz Cooperativa Galega
217	Mantoterra: proxecto antro-po-ambiental
217	Onda Vital

218	Tortugaboreal
219	Lecturas que te han apoiar no teu camiño permacultural
219	Deseño en permacultura
219	Ecoloxía e transición
220	Manexo das terras
220	Espazos construídos e bioconstrución
221	Ferramentas e tecnoloxías
221	Educación e cultura
222	Saúde física e espiritual
222	Economía e finanzas
222	Tenza da terra e organización comunitaria
225	Unha última mensaxe
231	Referencias bibliográficas

PARA QUEN É ESTE LIBRO E QUE ATOPAREMOS NEL

Nos últimos anos tiven a gran sorte de visitar e participar en diferentes proxectos de permacultura en contextos e climas tan dispares coma a rexión chilena de Biobío, territorios a 4000 metros de altitude no altiplano boliviano, diferentes biorrexións da Arxentina, o húmido eixo cafeteiro colombiano, áreas de montaña preto dos Alpes italianos, o norte e o sur de Portugal, ou o deserto en Marrocos, así como diversas rexións do territorio español con características moi dispares entre si. Experimentei isto tanto en espazos naturais protexidos coma en zonas semirrurais e urbanas. Deste xeito e sen pensalo, aprendín a través destas experiencias algo que sempre escoitara: a permacultura ten aplicación en infinidade de climas e contextos.

Do mesmo xeito, grazas ao meu traballo en diferentes proxectos e institucións de permacultura, tamén tiven a oportunidade de impartir e facilitar unha interesante variedade de procesos formativos a gran cantidade e, sobre todo, diversidade de xente, tanto en rango de idade coma en trazos sociais, culturais ou ideolóxicos, e observei que a permacultura é válida e accesible para practicamente todo o mundo. Por isto, atrévome a dicir que este libro será unha excelente ferramenta para calquera persoa, tanto galega coma doutra parte do mundo, tanto se vive nunha cidade coma nunha aldea, e xa sexa estudante, xubilado, muller, home, crente, atea, enxeñeira, filósofo, artista...

Así mesmo, este libro está escrito tanto para xente que xa coñeza e use a permacultura coma para as persoas que aínda non tivesen o gusto. Ás primeiras traeralles novas perspectivas e coñecementos, xunto cunha visión actualizada de conceptos, fundamentos e ferramentas que cumpría reformular. Axudaralles a comprender que esa antiga visión da permacultura ligada en exclusiva á esfera ecolóxica xa non é fiel á súa propia evolución, xa non é capaz de abordar as emerxencias actuais e desaproveita o amplo potencial que nos achega para influír e interactuar nas catro esferas da sustentabilidade. Para quen aínda non coñeza ou apenas coñeza a permacultura, velaquí tendes a oportunidade de facer unha pequena parada nas vosas vidas e botar unha rápida ollada a

un panorama de crise global que agora, máis que nunca, precisa da vosa implicación. Podedes entender que non está todo perdido, que aínda nos queda esperanza e que podemos mudar o rumbo do planeta, mais só se deixamos de pensar en pequeno e nos pomos ao servizo da Terra e do ben común.

Comezaremos este libro cunha pequena viaxe desde as orixes remotas dese desastre chamado civilización occidental, pasando polas súas actuais consecuencias, até chegarmos a un momento histórico no que comezan a emerxer novos paradigmas e alternativas culturais, sociais ou ambientais das que mesmamente acabará xurdindo a permacultura. Seguiremos cunha revisión histórica da permacultura, revivindo as súas orixes, figuras destacadas e conceptos clave que nos levarán pola súa evolución até chegar a unha infinidade de propostas interesantes e diversas para a vida sustentable, contidas nos pétalos da flor permacultural. Na terceira parte, mergullámonos de cheo nos fundamentos, principios e ferramentas que a permacultura, como ciencia de deseño e filosofía de vida, nos propón para deseñar e interactuar coas esferas ecolóxica, económica, social e espiritual. Continuamos ilustrando e dándolle vida a parte destas propostas con varios exemplos de proxectos galegos que nos amosarán como a permacultura latexa e está presente moi preto de nós en iniciativas inspiradoras e fermosas. Remataremos o libro cunha quinta parte que nos trae diferentes materiais de apoio que, sen dúbida, nos axudarán e invitarán a continuar co noso camiño permacultural.

Ao longo de todas estas partes nas que se articula este libro, vou dando exemplos e achegando ideas e axudas de como levar estes coñecementos a distintos usos prácticos nas nosas vidas, inspirándome tanto na miña propia experiencia persoal e profesional coma na das persoas e proxectos que tiven a oportunidade de coñecer ao longo dunha aprendizaxe permacultural intensa.

Do mesmo xeito, este libro está repleto de coñecementos e consellos que nos axudarán a recuperar ese vínculo perdido coa Nai Terra e que nos permitirán reencontrarnos tamén con nós mesmos e cos demais, axudándonos, no mellor dos casos, a deixar de ser partícipes dunha cultura violenta e insostible que leva séculos xerando graves desigualdades sociais e impactos ambientais.

Finalmente, este libro é ideal para todas aquelas persoas que aínda teñen forza para encarar a complexa realidade actual, sen tristeza, con enerxía creativa, con múltiples apoios e ferramentas, e na compañía dunha comunidade global que medra e que desexa vivir das formas máis saudables posibles e cun profundo amor pola vida.

CUARTA PARTE

EXPERIENCIAS
INSPIRADORAS PARA
UN MUNDO MELLOR

Despois de que nas anteriores partes puidésemos achegarnos á realidade actual e revisar diferentes propostas e oportunidades para un cambio positivo que nos chegan a través da permacultura, quero agora levar a quen le de ruta por varios proxectos que axudan a ilustrar como diferentes experiencias baseadas na ecoloxía, a permacultura e as iniciativas de sustentabilidade en xeral non só son necesarias, senón que están sucedendo e expresándose de diversas formas no territorio galego. Considerei que, a pesar de que coñecín numerosos proxectos sumamente inspiradores en diferentes lugares do mundo, o que máis senso ten nestes momentos é achegar exemplos que estean sucedendo en Galiza, por dúas razóns principalmente.

Por unha banda, é importante visibilizar unha vangarda galega con capacidade para responder ás necesidades ecolóxicas, económicas, sociais e cosmolóxicas emerxentes. Isto evítanos ter que desprazarnos xeograficamente para demostrar como iniciativas sólidas e con propostas reais están dando lugar a exitosas alternativas de transición. Sinto que, para o pobo galego, decatarse de que diferentes grupos dentro do territorio xa están actuando debería ser un estímulo ao empoderamento e o emprendemento para a creación de moitos outros proxectos que actúen en fronte semellantes.

Por outra banda, presentar proxectos afincados en Galiza axúdame a ilustrar certas problemáticas que, malia non seren exclusivas do territorio galego, están tendo un especial impacto e repercusión na nosa realidade actual. Cuestións como a desruralización ou a precariedade nos usos das terras non son circunstancias exclusivas de Galiza, polo que as iniciativas que aparecen neste libro, alén de seren bos exemplos para outras rexións, teñen un papel protagonista neste territorio. Outras necesidades vitais para camiñar cara á sustentabilidade, tales como a creación de espazos e mecanismos de aprendizaxe comunitaria, para o traballo e o empoderamento persoal ou para a reconexión coa natureza e a ecoloxía profunda, son tamén unha

urxencia global, mais é especialmente práctico saber como se están afrontando desde aquí mesmo.

Atoparemos polo tanto cinco proxectos escollidos polos seus fundamentos, pola diversidade das súas propostas e fronte de acción, ou mesmo pola contorna onde operan (algúns son de ámbito rural, e outros, máis urbanos). Cada un goza dunha poderosa personalidade propia, mais todos nos axudan a visualizar como unha gran variedade dos contidos propostos nos pétalos permaculturais converxen en proxectos diferentes e como todos ou a maioría dos principios da permacultura están vivos neles, consciente ou inconscientemente.

A pesar diso non quixen presentar aquí só iniciativas ligadas exclusivamente á permacultura. Tampouco quería asoballar con técnicas e datos que intentasen demostrar que a permacultura pode ser intensamente produtiva e exitosa, ou que pode funcionar de forma sistemática en diferentes lugares. Sen dúbida, a permacultura pódenos axudar a obter rendementos excelentes en diferentes esferas e contextos; hai moitas publicacións que se encargan de explicar a cantidade de hortalizas que podemos producir en determinados metros cadrados ou cales son as proporcións máis idóneas dunha mestura de area, terra, arxila e palla para determinado tipo de construción. Porén, esa non é a esencia desta obra. De feito, estes son proxectos moi humanos tamén no senso de que cometen grandes erros; en todos hai moitas cousas que mellorar e ás veces hai diferenzas entre o que se quere facer e o que realmente se está podendo facer.

No entanto, e sobre todo, considero que todos estes proxectos teñen a súa propia sabedoría, teñen unha voz interna que nos quere falar desde o profundo da súa experiencia para traernos novas mensaxes. Considero que entender precisamente estas mensaxes ten máis valor e resulta máis inspirador ca calquera tipo de matemática. Por iso, decidín abrir un espazo no que os proxectos poidan contar a súa historia sen que o escritor se apropie dela, senón onde faga de vínculo entre esa mesma voz que nos quere contar cousas fermosas e o lector que estea disposto a escoitalas e a facer algo de valor con elas.

QUINTA PARTE
CLAVES E APOIOS

CLAVES

Neste apartado quixen traer diversas ideas e consellos que da forma máis clara e concisa posible nos poidan servir de axuda para relacionarnos con diferentes aspectos da permacultura desde a actitude máis axeitada. Estes temas, enfocados en certa maneira a modo de conclusións, están tratados desde a miña perspectiva e experiencia persoal, é dicir, é así como eu os sinto e me relaciono con eles no meu camiño permacultural. Haberá, por suposto, quen teña outras visións. Valorando toda a diversidade de pensamentos, agardo igualmente que vos poidan axudar a avanzar no voso propio camiño do xeito máis saudable posible.

Sobre os fundamentos da permacultura

Cada vez é máis a xente que se anima a pór en práctica as propostas permaculturais a través da creación de espazos produtivos, espazos construtivos, espazos comunitarios, espazos de aprendizaxe, espazos de cooperación e unha longa lista doutras posibilidades. Isto a miúdo pasa sen que teñamos suficiente coñecemento sobre os principios e ferramentas que realmente nos ofrece o deseño en permacultura. A pesar de que sucede de forma frecuente, deseñar tanto un complexo sistema de bosque comestible coma un sistema comunitario sen ter interiorizados previa e profundamente os fundamentos da permacultura sería algo semellante a facer experimentos nun laboratorio sen ter case coñecementos de química ou bioloxía. É posible que se poidan acadar certos resultados, mais os erros, a excesiva inversión en tempo e enerxía, e os perigos potenciais sempre estarán presentes. Non esquezamos que é importante obter un rendemento. A proposta é que ao longo do noso camiño de aprendizaxe recoñezamos e afondemos na inmensa sabedoría acumulada por vellos e novos bancos de saberes que están ao noso alcance. Debemos dedicar tempo e intención a coñecer e integrar os fundamentos da permacultura, os seus principios e as súas ferramentas de análise, así como o

propio proceso de deseño. A iniciativa e a enerxía creativa espontánea son grandes valores e a permacultura está moi relacionada cunha aprendizaxe moi experiencial, mais chegar a desenvolver amplas e efectivas habilidades de deseño dependerá en gran medida dun coñecemento técnico que logo sexamos quen de adaptar e perfeccionar a través da acción.

Permacultura en acción

Do mesmo xeito que debemos interiorizar e afondar nos seus fundamentos teóricos, nunca poderemos aprender permacultura só a través dos libros. A permacultura é algo que temos que aventurarnos a vivir, é unha aprendizaxe que se potencia coa experiencia e a base de integrala nas nosas vidas. Esixe estar en movemento, experimentar e interactuar con comunidades activas de coaprendizaxe que nos acompañen no camiño. Igualmente, saber moito sobre permacultura e non polo en práctica non serve de nada. A proposta é que a nosa acción permacultural nunca remate, dándolle continuidade a través dunha comprometida interacción cos diferentes pétalos da permacultura e facendo das nosas vidas un continuo proceso de autoaprendizaxe. Paralelamente, a permacultura tamén nos está pedindo que en cada territorio, clima e contexto (social, económico ou cosmolóxico) poñamos en práctica novas propostas de deseño que nos leven a acadar coñecementos, prácticas e deseños máis axeitados para cada realidade. É así como podemos crear sabedorías e prácticas adaptadas a nivel local e biorrexional que contribúan á rexeneración da ecoloxía, da economía e das redes sociais ás que pertencemos. Debemos converter o mundo nunha comunidade global de espallamento de saberes que nos fagan evolucionar cara a formas, prácticas e procesos máis sustentables para habitar o planeta, así como converternos nos axentes activos dos cambios que desexamos.

Comunidade permacultural global

Como movemento, a permacultura tamén debería ser unha comunidade global de apoio e axuda mutua, unha familia que traspase fronteiras e culturas. É fermoso poder recoñecer outros permacultores como os teus compañeiros de camiño. Se formas parte dalgún proxecto, asociación, ecoescola ou mesmo empresa baseada na permacultura, a proposta é sentir outras iniciativas semellantes como parte dos teus aliados e da túa

rede de apoio, nunca como unha competencia. Non debemos rivalizar; a permacultura non é un campo para a competitividade, senón máis ben unha oportunidade para confraternizar con outras iniciativas, cooperar con elas, crear alianzas e consolidar redes. Se coñeces outros proxectos de permacultura e sentes que hai cousas que poderían mellorar, contacta con eles, achégalles os teus pareceres e ofrécete a apoialos. Un magnífico profesional en calquera dos ámbitos da sustentabilidade, que fomenta as malas relacións ou que propague sentimentos e ideas negativas cara a outras persoas ou grupos sen estar disposto a axudalos a mellorar, dificilmente pode ser considerado un magnífico permacultor. A transición ecolóxica reclama excelentes profesionais para o cambio ecosocial, mais por riba diso precisamos excelentes persoas e compañeiros. Estamos todos e todas na mesma.

Permacultura e emprendementos

A permacultura leva tempo amosando amplos potenciais para o deseño sustentable de novas fontes e formas de traballo. Exemplos clásicos disto poden ser empresas de produtos ecolóxicos de toda índole como hortalizas, plantóns, fertilizantes etc. Outras iniciativas pasan pola produción e xestión forestal ou a gandaría, así como empresas e centros de consultoría e formación en diferentes ámbitos da permacultura. No entanto, ligar o deseño pemacultural a emprendementos relacionados exclusivamente coa xestión e manexo das terras é a día de hoxe unha visión moi limitada que non explora realmente os seus potenciais. Por iso, é importante darse conta de que podemos e debemos usar o deseño en permacultura tanto para proxectar unha empresa de produtos orgánicos a domicilio coma un xardín de infancia, unha tenda de roupa, un gabinete de avogacía, un centro de estética, un taller de reparación, un estudo de arte ou un restaurante.

O primeiro paso para facer isto será enfocar a nosa actividade con relación ás tres éticas permaculturais; esa será a nosa guía. Así, a nosa actividade ten que coidar das persoas (incluídos nós), ten que coidar da terra e, finalmente, ten que ser unha actividade que promova unha economía xusta e colaborativa. Despois, cómpre decatarse de que son moitas as ferramentas e propostas que atopamos nos pétalos da permacultura que se poden relacionar directamente coa nosa actividade principal. Podemos

redeseñar o noso espazo físico de traballo, así como as tecnoloxías e os materiais que usamos, explorar novas formas de organización económica e colaborativa, incluír espazos verdes e atender o noso benestar físico e emocional. Finalmente, usaremos os principios de deseño e outros recursos para guiar todas estas propostas.

Deste xeito, se pomos como exemplo un artista plástico, podemos establecer o uso exclusivo de soportes sostibles, como cartón reciclado, teas ecolóxicas ou madeiras de xestión responsable. Como materiais de pintura podemos usar unha infinidade de pigmentos e produtos naturais non-contaminantes. Ao empregarmos estes compoñentes poderemos limpar os nosos pinceis e reciclar esa auga para regar plantas ou incluso unha pequena horta na terraza. O noso taller, que pode estar dentro dun espazo colectivizado, debería estar completamente construído ou rehabilitado segundo criterios de bioconstrución que favorezan a saúde e sustentabilidade do espazo, usando tamén tecnoloxías apropiadas que reduzan ou eliminen os gastos enerxéticos e nos dean confort. Así mesmo, a nosa obra plástica, ou parte dela, pode ter un compoñente de compromiso social ou ecolóxico que contribúa á rexeneración do tecido ecosocial. Non temos por que traballar sempre sós: podemos cooperar e crear relacións enriquecedoras formando parte de colectivos, así como involucrar a nosa actividade en redes de economía alternativa e solidaria que nos axuden a establecer relacións comerciais máis xustas e a favor do procomún. Se deseñamos os nosos tempos persoais para ir andando ou na bicicleta até o traballo evitando o uso de combustibles e mellorando a nosa condición física, podemos dicir que estamos obtendo máis rendementos coa nosa actividade laboral. Finalmente, se con todo isto conseguimos reducir a nosa pegada ecolóxica e iso nos axuda a sentir paz e satisfacción, así como un benestar emocional a través da nosa actividade diaria, ese será o maior dos éxitos.

Isto é tan só un pequeno e resumido exemplo que pretende ilustrar como podemos ter en conta as esferas (social, económica, ecolóxica e, finalmente, espiritual) para acadar modelos máis integrais, sustentables e saudables tamén a través da nosa actividade laboral diaria. Recorrendo a diferentes propostas dos pétalos da permacultura, actuamos a través de principios como o uso dos recursos biolóxicos, os principios de integración e cooperación, o uso de solucións máis lentas e pequenas, ou a

creación de ciclos de enerxía, entre outras actitudes que nos levan a unha maior lóxica na nosa vida.

Finalmente, isto pódese deseñar e aplicar en moita maior profundidade e, como dixen antes, a moitas outras actividades e fontes de traballo: todo é cuestión de deseño, creatividade e intención.

Permacultura e activismo

A maioría das consecuencias da crise climática, enerxética e sistémica que revisamos na primeira parte do libro serán sufridas primeiramente e con maior intensidade polas rexións máis desfavorecidas do planeta (maioritariamente no hemisferio sur), así como polos sectores sociais máis débiles e desprotexidos. Deste xeito, serán sobre todo os cativos, as mulleres e a xente de idade dos países máis empobrecidos os que sufrirán as peores consecuencias duns efectos provocados en maior medida pola actividade dos países ricos industrializados. Nestes países xa hai moito que superamos os límites dos nosos territorios, pasando a ocupar e explotar outras nacións. É así como comezamos a vivir a costa de usar outras áreas do planeta coma se fosen simples reservas de materiais para cubrirmos as nosas necesidades ou mesmo como vertedoiros para agochar o noso lixo. O noso modelo económico é basicamente incompatible coa vida, e definitivamente temos que decrecer.

Na cidadanía dos países occidentais debemos tomar consciencia destas e moitas outras realidades, e alzarnos en movementos sociais para exixir aos nosos gobernos que cambien totalmente o rumbo das súas políticas, á vez que temos que asumir e aceptar que estas medidas cambiarán os nosos estilos de vida.

A permacultura naceu nunha esperanzadora época de activismo contracultural na que se conseguiron grandes avances e se expandiron novos paradigmas para o establecemento de culturas máis humanas, ecolóxicas e igualitarias baseadas na liberdade e a tolerancia. Non podemos voltar atrás: o poder é dos pobos e os pobos teñen que axudarse.

Así mesmo, somos responsables de facer que as nosas vidas sexan unha forma de activismo constante. Non podemos esperar a que os gobernos realicen todos os cambios por nós. É absurdo esperar a que nos prohiban o uso de bolsas de plástico para deixar de usalas, nin que prohiban consumir tanta carne para deixar de facelo, ou que limiten o uso de

combustibles para comezarmos a prescindir deles. Non podemos agardar a pór en marcha as propostas permaculturais para cando xa non nos quede outra. Acaso fai falta que nos digan todo o que temos que facer? A permacultura propón ir varios pasos por diante para asumir o noso papel e anticiparnos a unhas dolorosas consecuencias que en moitas rexións do mundo xa se están sufrindo intensamente.

Permacultura e infancia

No futuro máis próximo, a supervivencia do ser humano dependerá en gran medida da habilidade que academos para facilitarlles aos nenos o acceso á sabedoría da natureza e que poidan vivir en consecuencia. A educación en permacultura estivo xeralmente vinculada a unha etapa adulta da vida; isto pódese apreciar na cantidade de propostas no ámbito da permacultura que hai para xente nova e adulta en comparación ás que podemos atopar enfocadas á infancia. Por iso, é importante salienta a necesidade de lles facilitar cada vez máis o acceso á sabedoría ecolóxica e permacultural aos máis pequenos. Faise fundamental fomentar que esa relación do neno coa natureza sexa o máis temperá e saudable posible, e pódese dicir que na etapa de crianza, tan só posibilitando que esa interacción co medio natural sexa unha constante nas súas vidas, a propia natureza se encargará de ecoalfabetizalos e de conformar unha desexable conciencia medioambiental.

Nas seguintes etapas tamén seremos os adultos involucrados na expansión e dinamización das propostas permaculturais parte responsable de atoparmos as estratexias e procesos máis axeitados para que a permacultura, como filosofía de vida e como ferramenta de deseño, chegue a formar parte dos procesos educativos de todas as rexións do planeta. Só se lles facilitamos ás futuras xeracións a posibilidade de se educaren no pensamento ecosocial poderemos crear unha transición desde unha sociedade desnaturalizada e entregada á economía consumista até unha nova sociedade máis autosuficiente e comprometida coa sandación e rexeneración do noso mundo.

Paciencia

Se despois de leres este libro tes a sensación de que aínda non estás preparado para deseñar, de que che faltan recursos para aplicar estes

coñecementos ou de que aínda non tes moi claro como integrar a permacultura na túa vida diaria, ten paciencia. Que os principios da permacultura nos acercasen dun xeito máis dixerible campos de coñecemento tan complexos como a teoría xeral de sistemas ou os mesmos principios de organización dos sistemas ecolóxicos non significa que vaíamos ser capaces de visualizar todas as solucións ás nosas necesidades de deseño da noite á mañá. Tampouco podemos pretender ecoalfabetizarnos de súpeto se temos en conta que levamos tanto tempo desconectados. Ao comezo non é tan sinxelo acadar os mellores resultados, polo que, se realmente estas disposto a utilizar a permacultura para camiñar cara á sustentabilidade, terás que comprometerte coa túa propia aprendizaxe a medio e longo prazo. No entanto, non esquezas que interactuar coa vida a través da visión da permacultura pode, finalmente, chegar a converterse en algo tan orgánico e fascinante que coa experiencia e as aprendizaxes axeitadas rematará por acontecer das formas máis naturais e gratificantes.

APOIOS

Sen dúbida, este libro podería ser moito máis extenso, con moitos máis exemplos sobre cada proposta ou principio, con innumerables estratexias e recursos e outras tantas explicacións e achegamentos ás ferramentas permaculturais. Porén, sinto que a partir de agora é un bo momento para que pasemos á acción e tamén comecemos a indagar máis profundamente nos campos que máis nos poidan interesar. É por isto mesmo polo que neste apartado vos achego dous recursos: primeiramente, unha breve guía de proxectos e, segundo, un índice de lecturas recomendadas.

No primeiro recurso atoparemos proxectos de ámbito permacultural activos en Galiza que de certo nos han axudar no noso propio camiño. Todos eles representan diversas propostas de aprendizaxe vivencial nas que, tanto se xa practicas permacultura coma se queres comezar a facelo, atoparás grandes oportunidades de aprender, medrar, crear rede e inspirarte para impulsar as túas propias iniciativas.

O segundo recurso representa unha pequena axuda que pretende acercar obras que nos poidan axudar á hora de afondar nos diversos

PERMACULTURA

Quen pense que a permacultura ten que ver con disposición da horta, baños composteiros ou bioconstrución, está no bo camiño, pero non atopará aquí o típico libro de permacultura, senón un libro que vai máis alá e cuxa esencia é nutrir e espallar a visión dunha permacultura integral e práctica que nos axudará a tomar consciencia dos retos actuais, a avaliar axeitadamente as nosas posibilidades e a buscar redes.

Desde as experiencias persoais e unha traxectoria profesional activa e activista no eido da permacultura e a transición ecosocial, Alexandre Grande Babarro preséntanos nesta obra unha visión global da permacultura que abrangue historia, referentes, trazos característicos, ferramentas de deseño e recursos para un mundo mellor. Completa ademais a súa achega coa presentación de proxectos vivos en Galicia baseados, dun xeito máis ou menos consciente, nos principios permaculturais e que nos propoñen respostas reais e viables ás crises ecolóxica e sistémica mundiais.



www.catroventos.gal



CONSUMO
RESPONSABLE



ECOLOXÍA



ECONOMÍA
SOCIAL

ISBN 978-84-949154-3-7



9 788494 915437